



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradelas@eidolocal.es

**ACTA Nº 4/2014**

**CONCELLO DE PARADELA**

**PROVINCIA DE LUGO**

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E NOVE DE MAIO DE DOUS MIL CATORCE.**

En Paradelas, a vinte e nove de maio de 2014

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e dous minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D<sup>a</sup>. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Non asiste a Sra. Concelleira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA VEIGA RODRÍGUEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

#### **1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 27 DE MARZO DE 2014 E DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 28 DE ABRIL DE 2014.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 27 de marzo de 2014 e da acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno o día 28 de abril de 2014, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria de data 27 de marzo de 2014 e da acta da sesión extraordinaria de data 28 de abril de 2014.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos dez Concelleiros, (oito do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo once o número legal de membros.

## **2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucions de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado

## **3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 5/2014, SEGUNDA DE COMPETENCIA DE PLENO BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.**

O Sr. Alcalde expón que se procede á retirada deste punto da orde do día, xa que despois das xestións feitas pola Alcaldía, ten coñecemento de ao final a Xunta de Galicia vai colaborar economicamente co fin de poder contratar aos socorristas para a piscina, que era o obxecto da modificación, co cal ao ter recursos financiados pola Xunta non ten sentido aprobar a modificación de crédito.

## **4º- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA “ASOCIACIÓN FORO XURÍDICO SARRIANO DIEGO PAZOS” PARA O MANTEMENTO DA ACTUAL DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL, E EN CONCRETO O XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN E PARTIDO XUDICIAL DE SARRIA.**

Por parte do Alcalde-Presidente, dase conta, neste punto da Orde do día, do escrito presentado pola Asociación Foro Xurídico Sarriano Diego Pazos, con C.I.F. G-27259720, con domicilio na Rúa Maior, 1 – Sarria a no seu nome, en calidade de Presidente Don Jaime Félix López Arias, con D.N.I. 33.798.691-F deta 12 de maio de 2014, con entrada no Rexistro do Concello en data 13 de maio de 2014 (Rex. núm. 442), no que de xeito textual se

### *EXPÓN:*

*“Que en reunión celebrada polo Foro Xurídico Sarriano o día 9 dos correntes, acordouse instar aos Concellos do partido Xudicial de Sarria a adopción dos acordos en defensa do mantemento dos Partidos Xudiciais actualmente existentes, por canto supoñen de achegamento da xustiza aos xudiciables e a súa contribución e vertebración territorial e a paz social, avalada por perto de 175 anos de continuidade polo que respecta ao partido Xudicial de Sarria.*

*Recentes acordos do PARLAMENTO GALEGO, reunión de alcaldes das sedes dos partidos xudiciais, publicacións en prensa, manifestacións formais de profesionais e portavoces dos diferentes grupos políticos nos concellos, son coincidentes en canto a non supresión dos actuais Partidos Xudiciais, postura que desexamos dea lugar a un pronunciamento de esa Corporación Municipal.*

### *ROGA:*

*Que en atención ao exposto, seguindo o trámite regulamentario, a Corporación Municipal á que nos diriximos adopte formal acordo amosando a vontade dese Concello de que se manteña a actual distribución territorial, e en concreto O Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción e Partido Xudicial de Sarria, elevando o acordo ao Ministerio de Xustiza, sen perxuízo de outras acción divulgativas, reivindicativas e actuacións que se estimen oportunas a tal fin.*



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

*Sarria, 12 de maio de 2014.* ”

O Sr. Alcalde di, que como ten manifestado o propio Presidente da Xunta, están a favor do mantemento dos partidos xudiciais existentes, amosando esta mesma idea os grupos políticos, así como todo o entorno xudicial e profesional relacionado coa materia, e no no caso Sarria é o Partido Xudicial máis cercano polo que manifestamos o noso apoio a Moción presentada.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo didindo que o seu grupo tamén apoia a Moción.

Procédese á votación da Moción, resultando aprobada pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten á sesión, (oito do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo once o número legal de membros.

### **5º- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL Á RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DO PODER XUICIAL E, ESIXINDO Á XUNTA DE GALICIA QUE DEFENDA OS INTERESES DOS GALEGOS, GARANTINDO O MANTEMENTO DOS PARTIDOS XUDICIAIS.**

Dona Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista, entende que depois do tratado no punto anterior, a Moción presentada por nós tamén vai ser aprobada.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que hai varias discrepancias porque a exposición de motivos deixa bastante que desexar, xa que non considero que o que se di sexa real e fata ao respecto, ademais decrefrirse a outars cousas que non veñen ao caso, polo que se modifican o contido da mesma o seu grupo apoiarí a Moción.

Dona Sonsoles López di que parte en concreto quere que se modifique.

A continuación o Alcalde procede á lectura da moción presentada co seguinte tenor literal:

*“MOCIÓN INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL E, ESIXINDO Á XUNTA DE GALICIA QUE DEFENDA OS INTERESES DOS GALEGOS, GARANTINDO O MANTEMENTO DOS PARTIDOS XUDICIAIS.*

*O pasado 4 abril, o Consello de Ministros presentou o Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial que, entre outras modificacións, supón a supresión da actual planta xudicial. Se este borrador de lei se aproba, suporá a eliminación na futura Lei de Planta e Demarcación de oito dos nove partidos xudiciais cos que conta a Provincia de Lugo.*

*Esta nova lei que pretende aprobar o Goberno de Rajoy, coa complicidade de Feijóo, é de facto unha nova barreira que introduce o Partido Popular no acceso á xustiza, menosprezando a Constitución que garante o acceso a este servizo público esencial. Esta nova traba súmase ao desmesurado incremento das taxas xudiciais. Parece evidente que unhas taxas prohibitivas para os cidadáns e a alteración da organización xudicial, responden ao obxectivo de impedir que os cidadáns gocen do seu dereito á xustiza.*

*A reforma impulsada polo Partido Popular non atende a realidade de Galicia en xeral, nin da Provincia de Lugo en particular. A supresión dos partidos xudiciais de Monforte, Sarria, Mondoñedo, Viveiro, Becerreá, Fonsagrada, Chantada e Vilalba é tanto como privar ao 60% dos lucenses dunha xustiza accesible, obrigándoos a desprazarse máis dunha hora da súa residencia, co consecuente incremento do gasto. No caso do Concello de Paradela pasamos de estar a 14 quilómetros do Xulgado de Sarria a mais de 31 quilómetros.*

*A unha cidadanía espallada no territorio debe corresponder unha planta dos servizos públicos que facilite o achegamento dos cidadáns. Os actuais partidos xudiciais veñen dando resposta á litixiosidade pero tamén á proximidade. Esquecer esta non mellora aquela, só a cambia de lugar. Pero crea outros problemas como o encarecemento da xustiza, que obriga a desprazar ós profesionais da mesma: funcionarios, avogados, procuradores, ás entidades auxiliares, ós concellos, e sobre todo ós cidadáns.*

*Novamente, o Partido Popular fai distincións entre cidadáns de primeira e de segunda coa máxima arbitrariedade posible, diferenciándoos polo seu lugar de residencia. A loita contra o despoboamento, o abandono do territorio e a sostibilidade do ámbito é incompatible coa supresión dos servizos mínimos. O desprezo do Partido Popular cos lucenses que non residen na capital foi unha constante dende a chegada ao Goberno. A esta reforma da planta xudicial hai que sumarlle a reforma sanitaria, que centralizou a xestión hospitalaria no Hula mediante as áreas integradas.*

*Esta medida centralizadora forma parte dunha política xudicial fondamente lesiva para os cidadáns. O Goberno do Estado paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas. Está anunciada a modificación dos Rexistros Cívís. Agora propónse a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia.*

*Polo exposto, e ante o novo ataque aos cidadáns promovido polo Partido Popular, que afasta a xustiza dos lucenses para facela inaccesible, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela somete, para o seu debate e posterior aprobación, o seguinte:*

#### *ACORDO*

*Manifestar un absoluto rexeitamento do Concello de Paradela ao Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial.*

*Esixir a inmediata retirada ao Goberno Central do Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial, por ser unha reforma que atenta contra o acceso á tutela xudicial efectiva dos cidadáns.*

*Esixir ao Presidente Feijóo que inicie os trámites necesarios para garantir o mantemento do partido xudicial de Sarria.*

*En Paradela, a 22 de maio 2014*

*Asdo. Sonsoles López Izquierdo*

*Voceira do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradela.*

Reitera on Sr. Alcalde o dito anteriormente, polo que aprobada a Moción anterior non ten sentido voltar sobre o mesmo, trátase dunha lei en proxecto e serán os Deputados os que teñan que votar sobre a mesma.

Dona Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista di que no ten problema en retirar as alusións ao tema sanitario, pero no resto da exposición de motivos en qué minto a Moción pregunta ao Sr. Alcalde.



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

O Sr. Alcalde di que unha vez aprobada a Moción anterior esta está por demáis e polo que aprobada a anterior rexeitan esta, polo manifestado anteriormente.

A Voceira do Grupo Municipal Socialista, resalta a incoherencia do Grupo municipal de goberno por aprobar unha moción e outra non, cando ambas están referidas á mesma materia.

Procédese á votación da Moción, resultando rexeitada pola maioría absoluta, cos votos en contra dos oito membros do Grupo Municipal do Partido Popular, polos dous votos a favor do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

### **6º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE RELATIVO AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2014.**

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento da lei de medidas contra a morosidade relativo ao primeiro trimestre de 2014, co seguinte tenor literal:

**“ASUNTO: INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN PREVISTO NO ART. 5.4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MORISIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

A fiscalización exércese de conformidade co establecido no artigo 4 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro aos efectos do disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante), emitíndose o seguinte informe na estrita orde económica, con relación ao **artigo 4 da Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as facturas impagadas con data de antigüidade superior a 30 días.**

### **CONSIDERACIÓNS PREVIAS EN CANTO AO ALCANCE DO INFORME.**

De acordo coa Disposición Transitoria primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo de 2010 (BOE número 163, de 6 de xullo de 2010), que sinala que a lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, así como o indicado na Disposición Final Única, segundo a cal a presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, **o presente informe limitase ás facturas cuxa entrada no concello sexa de data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de marzo de 2014.**

### **LEXISLACIÓN BÁSICA DE APLICACIÓN**

- Artigo 3 e 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo.
- Artigo 200, e Disposición Transitoria Oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

En canto á morosidade das administracións públicas, o artigo 4.3 da Lei 15/2010, dispón:

*“Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.*

No apartado 4.4 do referido artigo establécese:

*Sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arreglo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.*

Queda claro que do mencionado precepto derívase a *obriga da elaboración por parte da Tesouraría e/ou a Intervención do informe que poña de manifesto o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei* para o pago das obrigas do Concello de Paradela, *que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes* nas que se estea a incumprir o prazo, así como a obriga de *remitir o mesmo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial*, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais, *sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello.*

Dende o 1 de xaneiro de 2012, o programa de contabilidade municipal foi adaptado por parte da empresa de mantemento do mesmo, coa finalidade de poder elaborar o mencionado informe, proporcionando os listados cos datos das facturas totais rexistradas, o seu importe e os prazos de pago; xa que ata este momento non era posible poder cumprimentar debidamente os informes requiridos polo Ministerio, xa que o cálculo había que facelo manualmente, non dispoñendo dos medios nin persoais nin materiais.

É todo canto se informe, **PROPOÑÉNDOSE:**

1) Que do presente informe e os seus anexos se dea traslado aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao Consello de Contas, aos efectos oportunos.

2) Que se dea traslado igualmente ao Pleno do Concello de Paradela, pois aínda que o artigo 4 da Lei di ao respecto do mesmo “sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local,”, o artigo 5.4, da mesma norma dispón:

*“A Intervención ou órgano da Entidade Local que teña atribuída a función de contabilidade incorporará ao Informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales teñan transcorrido mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro e non se teñan tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se teña xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.*



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Por isto deberá unirse ao presente informe ao que se deberá dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre, xustificación pola Alcaldía das causas do incumprimento nos prazos de tramitación das facturas indicadas a continuación.

### INFORME DE PAGOS REALIZADOS:

Nº pagos realizados dentro período legal de pago	Importe total de pagos realizados dentro do período legal de pago	Nº pagos realizados fóra período legal de pago	Importe total de pagos realizados fóra período legal de pago
<b>88</b>	<b>61.257,38 €</b>	<b>44</b>	<b>107.948,91 €</b>

### INFORME DE FACTURAS PENDIENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE:

Nº de operacións pendentes dentro período legal de pago	Importe total de operacións pendentes dentro período legal de pago	Nº de operación pendentes fóra do período legal de pago	Importe de operacións pendentes fóra do período legal de pago
<b>26</b>	<b>27.486,796 €</b>	<b>3</b>	<b>8.849,06 €</b>

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO TRIMESTRE: **0,00 €**

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE RECOÑECEMENTO DA OBRIGA : **NINGUNHA**

Paradelas, 7 de abril de 2014. O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González”.

O Pleno dase por enterado.

**7º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTEVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEPSF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2014.**

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento das obrigas trimestrais de subministro de información da Lei 2/2012 LOEPSF, desenvolvida pola Orde HAP/2105/2012, co seguinte tenor literal:

**“INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEPSF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012.**

#### **I.- NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante RDL 2/2004).

- RDL 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988.

- Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

## **II.- ANTECEDENTES DE FEITO**

Resultando que a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en diante LOEPSF, regula o principio de transparencia como base do funcionamento das Administracións Públicas, e para iso resulta clave a rendición de contas e o control da xestión pública para contribuír a xerar confianza en correcto funcionamento do sector público.

A importancia deste principio levou ao lexislador para establecer no artigo 6 da LOEPSF, a obrigación das Administracións Públicas de fornecer toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da citada Lei, e das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así como a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento dos datos.

Considerando que o desenvolvemento regulamentario a que se refire o devandito artigo de LOEPSF, realizouno o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e en concreto, sobre as obrigacións trimestrais de subministración de información, recolleuse no seu artigo 16.

Os artigos 14 e 16 da Orde, sobre obrigacións mensuais e trimestrais de subministración de información das Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais, entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade coa disposición transitoria única da Orde.

Resultando que o artigo 4 da Orde HAP 2105/2012, impón a centralización do cumprimento da obrigación de remisión e recepción de información nas Corporacións Locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións.

Por todos os feitos e fundamentos de dereito descrito emítase o seguinte;

## **II.- INFORME**

### **PRIMEIRO.- Cumprimento da obrigación de remisión de información**

De conformidade co regulado no artigo 4 da Lei 2/2012, LOEPSF, e o desenvolvemento do mesmo realizado pola Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e en concreto co contido dos artigos 4 e 16 da mesma, este secretario-interventor cumpriu coa súa obrigación de remisión de subministración da información trimestral correspondente ao primeiro trimestre de 2014, en tempo e forma, o 06/05/2014. Envorcándose a totalidade da información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma telemática habilitada na Oficina Virtual das Entidades Locais, achégase xustificante no expediente.





## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradela  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

### **SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno.**

Para fornecer a información requirida, correspondente ao cuarto trimestre de 2013, e a pesar de que a normativa, non existe de maneira específica a elaboración dun informe nin o seu posterior tratamento, esta intervención considera necesario a elaboración do presente informe, que resume a información envorcada, os principais criterios de estimación seguidos, e que recolle as conclusións respecto das previsións de cumprimento ou de incumprimento ao peche do exercicio orzamentario dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto.

Hai que destacar que a propia plataforma telemática habilitada para o envorcado da información, recolle no apartado 4 Peche do informe de avaliación e firma, a necesidade de dar traslado ao pleno da Corporación do resultado do informe de avaliación. O capítulo IV da LOEPSF regula as medidas preventivas, correctivas e coercitivas que o Goberno, a proposta do Ministerio podería, impoñer ás entidades locais, cando se apreciase un risco de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto ao peche do exercicio, e as limitacións orzamentarias futuras que iso xeraría.

Doutra banda, abundando na necesidade de dar conta ao Pleno, o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, que desenvolvía a Lei 18/2001, de Estabilidade Orzamentaria, establecía no seu artigo 16.2 a obrigatoriedade de emitir informe de intervención de cumprimento do obxectivo de estabilidade e dar conta ao Pleno nos supostos de expedientes de modificación de créditos. Na actualidade tras a entrada en vigor da LOEPSF e a Orde Ministerial de desenvolvemento sobre as obrigacións de subministración de información, segundo contestación emitida pola Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais a pregunta de Cosital Network, a verificación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade e da regra de gasto non é requisito previo necesario para a aprobación dos expedientes de modificación, senón que procede a actualización trimestral do informe de intervención de cumprimento dos obxectivos a que se refire a Orde HAP2105/2012. Cálculo do que pode derivarse de maneira preceptiva a elaboración dun Plan Económico Financeiro por incumprimento de obxectivos.

Por todo iso, do presente informe considérase necesario dar traslado á Alcaldía, para que se proceda á súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### **TERCEIRO.- Contido da información**

A información para fornecer para dar cumprimento á obrigaçión de remisión, é parte da que se recolle no artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e materializouse nos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento de Entidades Locais, cumprimentados a través da Oficina Virtual antes citada, que non recolleu o total da información detallada no artigo. No terceiro trimestre vanse a utilizar os mesmos formularios e a previsión é de que no cuarto completásenos para detallar a totalidade de información que se recolle no citado artigo 16.

Se adxunta copia impresa dos formularios remitidos:

## 1. Comunicación trimestral de datos individualizados por Entidades

### **Datos presupuestarios**

Resumen Clasif. Económica

Desglose Ingresos correntes

Desglose Ingresos de capital y financeiros

Desglose Gastos correntes

Desglose Gastos de capital y financeiros

Calendario, Presupuesto de Tesuraria e perfil de vecemento da débeda nos próximos 10 anos

Remanente de tesouraría

Dotación de Plantillas e retribucións (execución)

### **Anexos información**

F.1.1.B1 Axustes Informe de Evaluación para relacionar Ingresos/Gastos con normas SEC

F.1.1.B2 Información para a aplicación da Regla do Gasto

## **2. Ajustes a Sistema de Contas Europeo aplicables a Grupo de Entidades da Corporación**

2.1 Axustes por operacións internas entre entidades

## **3. Informe de Evaluación grupo Administraciones Públicas**

3.0 Datos xerais do Informe de Evaluación

3.1 Validación datos informe evaluación/levantar validación

3.2 Resumen análisis Estabilidad Presupuestaria

3.3 Resumen análise Regla do Gasto

4. Cierre del Informe de Evaluación y Firma

## **IV.- CONCLUSIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN:**

Cos datos de execución orzamentaria existentes a 31 de marzo de 2014, e coas estimacións e cálculos realizados en base aos mesmos, o Concello de Paradela:

- **Cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.**
- **Cumpre o obxectivo de regra de gasto,**
- **O nivel de débeda viva é de 253.005.39 €**

Paradela, 6 de maio de 2014. O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González”.

O Pleno dase por enterado.



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

### 8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación dáselle a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo, que procede a dar lectura da seguinte presentada en data 22 de maio de 2014.

*“D<sup>a</sup>. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradelas que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno a seguinte:*

#### **PREGUNTA:**

*No pleno do mes de xaneiro emitíuse un rogo para subsanar as deficiencias de servizos que sofre o veciño que vive no lugar da Mámoa, Castro de Rei,*

*- Qué solucións se levaron a cabo?*

*En Paradelas a 21 de mayo de 2014*

*Asdo. D<sup>a</sup> Sonsoles López Izquierdo*

*Voceira do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradelas.*

*ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.*

O Sr. Alcalde resposta que foi catro veces polo menos por alí para contactar co veciño e nunca dou contactado con el.

Dona Sonsoles López di se é posible decirlle que se dirixa el ao Concello para pñerse en contacto e que ela llo transmitiría.

O Sr. Alcalde di que lle parece correcto.

A continuación Dona Sonsoles di se pode plantexar unhas preguntas orais.

O alcalde di que se tome nota das mesmas.

A primeira refírese aos puntos de luz que no informe da Deputación se catalogaban coma outros, no que xa estaba aclarado que un eran as bombas de Santa cristina e outro da Depuradora pero faltaban dous.

O Secretario-Interventor toma a palabra dicindo que cree que son os contadores que se corresponden coas Antigas Escolas de Paradelas, no que hai dous contadores, se ben poderíase comprobar.

A segunda refírese á xestión o bar da piscina municipal.

O alcalde di que se abriu un procedemento, para que todo o que estea interesado poda acceder a xestionar o mesmo.

Dona Sonsoles López amosa a súa felicitación ao respecto.

A terceira fai referencia ás invitacións que se fixeron ás empresas para a xestión da piscina.

O Sr Alcalde di que vai relacionado co tratado no punto terceiro desta sesión, no que como non se sabía se a Xunta ía ou non financiar os socorristas, polo Concello procedeuse a solicitar orzamentos a empresa para saber o custo da xestión, pero como se dixo no apartado terceiro da sesión este tema xa está solucionado.

Por último pregunta sobre un escrito da Consellería referido ao vertedoiro de plásticos no Mercado Gandeiro.

O Sr. Alcalde di que se vai morder a lingua porque vostede ben sabe de que vai o asunto, dicindo a continuación que se cambiou o sistema, realizándose nun recinto pechado atendido e custodiado por operarios municipais, porque nos puntos que existían convertéranse en vertedoiros incontrolados, seguindo o modelo de concellos como Lalín, destacando a colaboración da cooperativa da Feasita, e dando por agora un resultado marabilloso.


Ese escrito polo que pregunta é froito dunha denuncia, de alguén que andivo facendo fotos nos días da recollida no Mercado e vostede sabe ben do que falo.

Dona Sonsoles López, voceira do Grupo municipal Socialista resposta que unha vez máis está vostede equivocado e pregunta se o concello informou deste cambio de funcionamento á Xunta.

O Sr. Alcalde dille que deixe o tema así.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do vinte e nove de maio de dous mil catorce, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

Visto e prace  
O Alcalde



O Secretario-Interventor

